

PUNTO LIMPO CONCELLO DE BURELA



O Punto Limpo é unha instalación cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica de características especiais, que non teñen cabida nos diferentes contenedores repartidos polo pobo.

LOCALIZACIÓN: Estrada Villaestrofe (a carón do cemiterio municipal), 27880 Burela, Lugo

HORARIOS: De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
Sábados de 9:00 a 13:00 horas.

RECOLLIDA DOMICILIARIA GRATUÍTA: Mércores, previo aviso nos teléfonos :
689156413 (GESECO)
982586000 (Concello)



CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O Punto Limpo é unha instalación municipal gratuíta, destinada fundamentalmente ao depósito de determinadas tipoloxías de residuos municipais especiais, depositados polos veciños de Burela de forma voluntaria.
- A xestión do Punto Limpo será realizada polo Concello a través da respectiva empresa concesionaria.
- Os residuos especiais a depositar provendrán exclusivamente do ámbito domiciliario, non estando permitida a súa utilización para residuos especiais de medianos ou grandes produtores, que deberán xestionar estes residuos de conformidade coa normativa vixente, en especial toda a referida a residuos perigosos.
- O Punto Limpo é de uso exclusivo dos veciños de Burela, que deberán presentar o seu DNI para verificar que son veciños de noso pobo.
- En ningún caso no Punto Limpo se entregarán aos usuarios xustificantes de entrega de residuos.



RESIDUOS ACEPTADOS

RESIDUOS NON PERIGOSOS	RESIDUOS PERIGOSOS	RAEE,s
<ul style="list-style-type: none">-Plásticos domiciliarios ou asimilables.-Madeiras de residuos domiciliarios.-Restos metálicos do fogar.-Voluminosos : colchóns, mobles...-Roupa.-Envases textiles: sacos, bolsas...-Chatarra e ferro..-Restos de poda.-Escombros.	<ul style="list-style-type: none">-Aceites minerais (motor) e outros aceites e graxas non comestibles.-Absorventes.-Disolventes, pinturas e vernices.-Envases de residuos perigosos.-Aerosois e envases metálicos.-Pilas, baterías e outros acumuladores.-Radiografías.-Tóner e cartuchos de impresoras.-CDs e DVDs	<ul style="list-style-type: none">-Electrodomésticos .-Equipos de informática e telecomunicacións: monitores, TV, teléfonos...-Fluorescentes e lámpadas.-Luminarias.-Pequenos electrodomésticos



RESIDUOS QUE NON SE PODEN DEPOSITAR

- Materia orgánica.
- Residuos industriais de grandes ou pequenas empresas.
- Residuos radioactivos.
- Pneumáticos.
- Residuos infecciosos.

QUE SE FAI CON ESTOS RESIDUOS

O Concello, mediante a empresa adxudicataria da xestión do Punto Limpo Municipal, encárgase da recepción, clasificación, transporte e xestión dos residuos ata o seu destino final, ben sexa para a súa reciclaxe, eliminación ou valorización.



